

UD2. O SÉCULO DA RAZÓN. A CRISE DO ANTIGO RÉXIME

1. ECONOMÍA AGRÍCOLA E SEÑORIAL

- Economía fundamentalmente rural.
- Propiedade da terra vinculada, amortizada ou *de man morta* (pertencen a un patrimonio, non se poden allear nin vender).
- Réxime señorial (nobreza e igrexa):
 - Pago de rendas.
 - Dereitos señoriais (corveas, privilexios, monopolios).
 - Xurisdición sobre as terras (o señor fai e aplica as súas leis no seu señorío).
- Pago do décimo á Igrexa.
- Importancia dos comunais.
- Agricultura rudimentaria con baixa produtividade (técnicas tradicionais: rotación trienal, barbeito, ferramentas pouco evolucionadas).
- Economía de subsistencia con frecuentes crises de subsistencia.
- Progresiva introdución de novos cultivos: millo, pataca.
- Importancia secundaria da gandería.
- Contratos de foro predominantes en Galicia (contrato de longa duración polo que se cede o usufruto da terra a cambio dunha renda).

2. SOCIEDADE ESTAMENTAL

- **ESTAMENTO:** Grupo social propio do Antigo Réxime definido polo nacemento. Distínguense tres estamentos: Nobreza e clero (Privilexiados) e Terceiro Estado (Non privilexiados). A sociedade era pechada porque é moi difícil cambiar de grupo (excepcións por compra-venda de títulos ou matrimonio).
- **PRIVILEXIADOS:**
 - ✓ Exención fiscal.
 - ✓ Monopolio dos cargos públicos (herencia).
 - ✓ Oficialidade do exército.
 - ✓ Propietarios de terras ⇒ SEÑORÍOS (nobiliarios ou eclesiásticos)
 - ✓ Cobro de rendas (espírito rendista).
 - ✓ Xurisdición do señor sobre as terras e os habitantes.
 - ✓ **Nobreza**
 - Antiga nobreza ⇒ por nacemento.
 - Nobreza nova ⇒ por servizos, matrimonio ou compra de título.
 - Diferenzas: Alta nobreza (duques, condes).
Baixa nobreza (baróns, fidalgos).
 - ✓ **Clero**
 - Grandes propietarios de terras (reciben rendas).
 - Cobro dos décimos.
 - Destino dos segundóns das familias nobres.
 - Diferenzas: Alto clero (bispos, abades).
Baixo clero (cregos, monxes, párrocos).

- **NON PRIVILEXIADOS: Terceiro Estado**

- ✓ Pagan impostos.
- ✓ Grupo moi heteroxéneo:
 - **Burguesía:** Alta burguesía (banqueiros, comerciantes).
Pequena burguesía (artesáns, tendeiros).
 - **Asalariados:** empregados en obradoiros, criados.
 - **Campesiños e xornaleiros:** traballan no campo nas súas terras (propiedade ou arrendadas), ou nas de outros (a cambio dun xornal).
 - Pobres, vagabundos...

3. CRECEMENTO ECONÓMICO E DESENVOLVEMENTO BURGUEÉS

- Melloras no campo: - Novas terras aradas.
- Novos cultivos e técnicas.  Aumento da produción
- Domina o autoconsumo na maioría da poboación.
- Producción artesanal controlada polos gremios pero aparecen novas formas de producir para escapar do seu control:
 - ⇒ **Traballo a domicilio (*Domestic system*):** O empresario encarga traballos que os campesiños realizan a tempo parcial nas súas casas como complemento coa labor agrícola.
 - ⇒ **Manufacturas reais:** As monarquías fomentan a creación de manufacturas de luxo para evitar importacións.
- Auxe do capital e da burguesía polo desenvolvemento do comercio internacional ⇒ **COMERCIO TRIANGULAR Europa-África-América**
 - ⇒ Busca do beneficio pola produción e comercio, máis que polas rendas da terra.
 - ⇒ Agrupación de mercaderes en Compañías Comerciais que xestionan zonas en réxime de monopolio (Gran Bretaña, Holanda).
- **MERCANTILISMO:** ➤ Obxectivo: Evitar a saída de metais preciosos.
 - Aumentar as exportacións e diminuír as importacións.
 - Protexer os produtos propios: **Proteccionismo**.
 - O Estado debe controlar a actividade económica.
- Desenvolvemento do espírito empresarial
 - ✗ Empresas nas que se separan capital e traballo.
 - ✗ Bancos e medios de pagamento (letras de cambio).

4. A MONARQUÍA ABSOLUTA

- Monarquía hereditaria.
- Poder absoluto do rei.
- Orixe divina do poder.
- Súbditos sen dereitos.
- Non hai dereitos nin liberdades. Censura.
- Aumento do control da monarquía da recadación de impostos.
- Crecemento da administración real ⇒ Aumento do número de funcionarios (burocracia).
- O Estado ten o monopolio da violencia (exército).
- Concentración do poder na figura do rei: lexislativo, xudicial, militar, política exterior.
- Límites:
 - ✓ Lei divina.

- ✓ Leis de cada reino. Son *Monarquías compostas*, que inclúen territorios con diferenzas xurídicas e administrativas (privilexios, moeda, lingua).
- Os reis tratan de estender a súa autoridade a todo o territorio ⇒ Revoltas dos súbditos.

5. SÍNTOMAS E PROPOSTAS DE CAMBIO

- FACTORES DE CAMBIO:
 - A burguesía → Tiña o poder económico e aspiraba ao poder político.
→ Pedía o recoñecemento dos méritos individuais e non o nacemento.
 - Clases populares → Oposición dos campesiños ao réxime señorial polos excesivos impostos.
→ Nas cidades aumenta a miseria pola subida dos prezos dos alimentos.
 - A Ilustración → Proposta de novos modelos sociais e políticos.
-
- ```
graph LR; A[FIN DO ANTIGO RÉXIME] --> B[REVOLUCIÓNS]; C[QUEIXAS] --> B;
```

## 6. SISTEMAS PARLAMENTARIOS: GRAN BRETAÑA

- **Parlamento** bicameral: Cámara dos Lores e Cámara dos Comúns. ⇒ **Debe ser consultado polo rei.**
- S. XVII: Os reis Estuardo tentan gobernar como reis absolutos.
  - ⇒ Reacción do Parlamento (**1ª REVOLUCIÓN INGLESA**) ⇒ **Guerra Civil**
    - ✓ 1649: Carlos I decapitado e proclamación da República (**CROMWELL**)
    - ✓ 1660: Restablecemento da monarquía con **Carlos II**
- 1679: O rei acepta as **LEIS DE HABEAS CORPUS**
  - Recoñecemento das liberdades individuais.
  - Dereitos da persoa detida: detención con probas, dereito a un xuízo rápido e xusto, dereito a un avogado.
- 1689: Volta ao absolutismo de Xacobe II ⇒ **2ª REVOLUCIÓN INGLESA**
  - O rei Guillerme de Orange debe aceptar a **Declaración de Dereitos (Bill of Rights).**

## 7. A ILUSTRACIÓN

- S.XVIII ⇒ Século das Luces ou da Razón.
- Movemento impulsado por unha minoría de intelectuais (*philosophes*).
- Características da Ilustración:
  - O racionalismo e o empirismo ⇒ Fe na razón e na experiencia para conseguir o progreso.
  - Necesidade das reformas como medio para alcanzar o progreso.
  - Predominio do pensamento aplicado sobre o especulativo.
  - Amor á natureza e preténdese descubrir as leis que a rexen.
  - Defensa dunha relixión natural (deísmo) ⇒ Crenza nun ser supremo que ordena a máquina do universo.
  - Tolerancia.
  - Aumento da edición de libros, aparición do xornalismo e desenvolvemento da opinión pública.
  - Obxectivo último ⇒ A felicidade do home.

## Os pensadores ilustrados

- Crítica ao sistema vixente.
- Propostas para limitar o poder, establecer a igualdade ante a lei e a liberdade individual e económica.
- **MONTESQUIEU**
  - División de poderes:
    - **Lexislativo** no Parlamento (cámara de representantes).
    - **Executivo** no goberno.
    - **Xudicial** nos xuíces e tribunais.
- **ROUSSEAU**
  - Orixe do poder político ⇒ **Contrato social**.
  - **Cidadán** : Liberdade individual, dereitos políticos.
  - **Soberanía popular** ⇒ Democracia directa ou representativa.
  - **Vontade xeral** base da soberanía e da lei.
- **VOLTAIRE**
  - Oposición ao absolutismo.
  - Tolerancia.
  - Educación para o progreso.
  - Relixión natural.
  - Igualdade fiscal (fin do privilexio).
- **ADAM SMITH**
  - O interese individual é beneficio para a colectividade.
  - **Oferta e demanda** únicos reguladores do mercado (a *man invisible*).
  - O Estado non intervéen na economía segundo o principio do *Laissez faire, laissez passer*.
  - Teórico do capitalismo.

## Difusión da Ilustración

- A **ENCICLOPEDIA** (1751-1772)
  - Recompilación dos saberes da época.
  - Diderot, D'Alembert, Montesquieu, Voltaire.
- **SALÓNS** ⇒ Discusións, crítica á tradición e ás institucións, lecturas dos ilustrados.
- **SOCIEDADES** e **ACADEMIAS** patrocinadas polos reis ilustrados.
  - Fomento da ciencia (Reais Academias).
  - Divulgación das reformas (Sociedades de Amigos do País).

## 8. O DESPOTISMO ILUSTRADO

- Combinación do absolutismo con reformas inspiradas na Ilustración.
- Os reis *modernizan* o país con reformas en reinos atrasados (España –Carlos III-, Austria -Xosé II-, Rusia –Catalina II-, Prusia –Federico II-).
- Reformas:
  - Racionalización da Administración.
  - Fomento da educación.
  - Modernización económica.
- O poder é divino e o pobo non ten opinión. (*Todo para o pobo pero sen o pobo*).
- Influencia mínima en países máis desenvolvidos ⇒ Importancia da burguesía.